

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
 - 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 9 do Estatuto Marco, acordarase o cesamento do persoal estatutario interino:

- A) Cando se produza a causa ou venza o prazo que expresamente se determine no seu nomeamento.
- B) Cando se incorpore persoal fixo, polo procedemento legal ou regulamentariamente establecido, á praza que desempeñe, así como cando a dita praza resulte amortizada.
- C) Cando se supriman as funcións que no seu día motivaron o seu nomeamento.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. De acordo co artigo 72 do Estatuto Marco, as faltas disciplinarias moi graves prescribirán:

- A) Aos dous anos.
- B) Aos catro anos.
- C) Dependerá de aspectos como o motivo da falta, a gravidade do dano ou as circunstancias do caso, libremente apreciados polo instrutor do procedemento disciplinario.
- D) As faltas moi graves non prescriben nunca.

3. A Lei de prevención de Riscos Laborais NON establece que os delegados/as de prevención:

- A) Colaboren coa dirección da empresa na mellora da acción preventiva.
- B) Controlen o cumprimento da normativa de prevención por parte da empresa.
- C) Estean eximidos da prestación de servizos, pola súa condición de liberados/as sindicais.
- D) Estean suxeitos/as ao deber de sigilo profesional respecto da información á que accedan en materia preventiva.

4. Os postos de xefatura de servizo ou unidade de atención primaria que NON requiran dedicación exclusiva ás funcións de xefatura, correspondentes ao persoal licenciado sanitario, proveranse polo sistema de:

- A) Avaliación colexiada do currículo profesional dos aspirantes e un proxecto técnico relacionado coa xestión do servizo ou unidade.
- B) Concurso de méritos.
- C) Libre designación.
- D) Concurso de traslados.

5. A Lei galega 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes (segundo a redacción da Lei 3/2005) garante de modo expreso que estes terán os dereitos e obrigacións previstos en:

- A) A Lei Xeral de Sanidade.
- B) A Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios.
- C) A propia Lei 3/2001, exclusivamente.
- D) Son correctas as respostas A) e B).

6. O cargo de presidente/a do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) osténtao:

- A) A persoa titular da Consellería de Sanidade.
- B) O/a xerente do SERGAS.
- C) O/a presidente/a da Xunta de Galicia.
- D) O/a secretario/a xeral da Consellería de Sanidade.

7. Cal dos seguintes principios NON se recolle na Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, como principio de organización e funcionamento do Sistema de Saúde?

- A) Eficacia.
- B) Celeridade.
- C) Rendibilidade económica.
- D) Todas as respostas son correctas.

8. Cales son os sistemas de selección do persoal estatutario fixo?

- A) O concurso de traslados, a oposición e a comisión de servizos.
- B) O concurso-oposición, a oposición e o sistema de alta dirección
- C) O procedemento extraordinario, a oposición ordinaria e o acceso indefinido.
- D) O concurso-oposición, a oposición e o concurso.

9. De acordo co artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o procedemento para a elección dos deputados do parlamento galego regularase por lei, fixando o devandito precepto o número de membros deste:

- A) Entre 60 e 75 deputados.
- B) Entre 60 e 80 membros.
- C) En 75 deputados.
- D) O Estatuto de Autonomía non determina un número mínimo nin máximo de deputados, pois este pode establecerse sen límite ningún, sempre que se regule por unha norma con rango de lei e por proposta do presidente da Xunta.

10. A Constitución española de 1978 configura o dereito á protección da saúde:

- A) Como un principio reitor da política social e económica.
- B) Como un dereito fundamental.
- C) Como un dereito e un deber dos cidadáns.
- D) Como unha soa aporía carente de relevancia xurídica.

Preguntas de reserva

1. Con carácter xeral, segundo o artigo 5 do Decreto 206/2005 os procesos de selección, mobilidade e promoción interna que se convoquen no SERGAS abranguerán, como mínimo, o seguinte ámbito territorial:

- A) A localidade.
- B) A área sanitaria.
- C) O distrito sanitario.
- D) O centro sanitario, se é un complexo hospitalario.

2. NON é unha retribución básica do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) O soldo.
- B) As pagas extraordinarias.
- C) O complemento de destino.
- D) Os trienios.